k). DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Nos niveis da ESO , primeiro , terceiro e cuarto , levarase a cabo unha avaliación inicial. Consiste nunha proba escrita e unha composición de tipo expresivo para que o profesor/a que lles imparte a materia poida ter unha idea da formación e grao de coñecementos do alumnado , mais tarde haberá unha reunión cós demais profesores que imparten en cada nivel e grupo en particular , a titora ou titor, a xefa/e de estudos e a orientadora/or para falar do grupo e as súas necesidades particulares . Trátanse tamén casos particulares de rapaces con algunha característica salientable ou de interese para a labor de ensinanza aprendizaxe. Con toda a informavción acadada o profesor/a faise unha mais acertada idea previa e dispón mellor o seu proxecto educativo .

Cada curso é distinto e as medidas tamén cambian , a priori non se poden establecer as que se tomarán , ás veces hase variar a secuenciación , ás veces háse cambiar a disposición da

aula ou das mesas , todo o que sexa menester para un mellor achegamento por parte do alumnado á asignatura.

1). MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As posibilidades de intervención en relación ás necesidades educativas son tantas como situacións diferenciadas podamos atopar.

Os grupos e as persoas manifestan súas diferencias de forma distinta; por conseguinte, non parece axeitado pensar en fórmulas universais e xerais.

Para atender as distintas necesidades educativas basearémonos en tres principios:

* Normalización: atender ós alumnos con necesidades educativas a través de medidas o mais ordinarias, sempre que sexa posible, como por exemplo: láminas de reforzo ou ampliación, prioridade en algúns obxectivos e contidos ou modificación do tempo de consecución de obxectivos. E só e casos extremos, contando cun informe do Departamento de Orientación, utilizaremos as medidas extraordinarias, como por exemplo: adecuación dos obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función das dificultades específicas.

*Individualización: personalizar cada necesidade. Atender as características individuais de cada alumno en función das súas particularidades, pero non xeneralizar a súa atención.

*Sectorización de recursos: proporcionar todos los recursos que el alumno necesite, tanto recursos personales, recursos materiales como recursos espacio-temporales.

m) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

No Departamento de Debuxo coitamos por un mellor desenvolvemento da personalidade do individuo nunha formación integral dos nosos compañeiros na aula : os alumnos , facemos especial fincaré en traballar os elementos transversais que figuran na resolución do 27 de xullo da Dirección Xeral de Educación , a igualdade o respecto mutuo e a loita polos dereitos humanos , son a nosa divisa . Ademáis consideramos a base sobre a que ten que formarse o cidadán . Aspectos como a educación cívica o respecto polos bens culturais , pola propia cultura e as alleas son fundamentais para calquera de nós como membros que somos da comunidade educativa.

n). ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Axudar a establecer bos vínculos co centro ou realizar, en colaboración co resto de Departamentos Didacticos, actividades xestionadas pola Comisión de Actividades extraescolares. Sendo difícil establecer a priori este tipo de actividades, pasase a mencionar algunhas das realizadas en pasados cursos:

- Participación en certames e concursos de diversa índole.
- Exposicións no centro de traballos relacionados coa asignatura en todos os niveis.
- Charlas de distintos ponentes sobre o noso ámbito todavía sen especificar.

Xa que a maioría destes traballos son colectivos, e de cara á avaliación, o profesor encargado da actividade entregará ó xefe de departamento unha memoria da actividade, na que se fará constar explicitamente os contidos traballados, referidos á programación, e a nota individual acadada por cada alumno que participa na actividade.

PROGRAMA DE DEBUXO TÉCNICO E DEBUXO ARTÍSTICO

DIBUXO TÉCNICO II: 2º BACH. CIENTÍFICO / TECNOLÓX.

2º BACHARELATO: CIENTÍFICO E TECNOLÓXICO

DEBUXO TÉCNICO II

Principios e obxectivos

1 Finalidade

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

2 Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable

e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

3 Debuxo Técnico II. INTRODUCCIÓN

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcese gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

Ao longo do segundo curso introdúcese un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), en lugar de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa. Xa que logo, os elementos do currículo básico da materia agrupáronse en tres bloques interrelacionados: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización" ou "Documentación gráfica de proxectos".

No primeiro bloque, desenvóléronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se

analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da etapa. O proxecto ten como obxectivo principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

4 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico				
b d e g i l	B1.1. Resolución de problemas xeométricos.	B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.	CCL
	B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.		DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao	CMCCT
	B1.3. Construción de figuras planas equivalentes.			
	B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.			

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B1.5. Aplicacións.</p> <p>B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.</p> <p>B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.</p>		debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.	
			DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.	CAA
			DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.	CSIEE
			DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.	CMCCT
b d e g i l	<p>B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas.</p> <p>B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola.</p> <p>B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes.</p> <p>B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.</p> <p>B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.</p>	B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.	DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.	CCL
			DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.	CAA
			DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.	CSIEE

	Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e g i l	B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións.	B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.	DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.	CCL
	B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.		DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.	CSIEE
	B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia. B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.		DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	CMCCT
Bloque 2. Sistemas de representación				
b d e g i l	B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico.	B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.	DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.	CAA
	B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.		DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.	CSIEE
	B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas. B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico. B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións. B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións. B2.7. Cambios de plano.		DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de	CAA

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.</p> <p>B2.8. Afinidade entre proxeccións.</p> <p>B2.9. Problema inverso ao abatemento.</p> <p>B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico.</p> <p>B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.</p> <p>B2.12. Determinación das súas seccións principais.</p> <p>B2.13. Representación de prismas e pirámides.</p>		<p>segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatementos ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.</p>	
			<p>DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.</p>	CSIE
b d e g i l	<p>B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.</p> <p>B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.</p> <p>B2.16. Interseccións.</p> <p>B2.17. Xiros, abatementos ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.</p>	<p>B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.</p>	<p>DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.</p>	CMCCT CAA
			<p>DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.</p>	CMCCT
			<p>DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.</p>	CMCCT
			<p>DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda</p>	CAA

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	
b d e g i l	B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais.	B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.	DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	CMCCT
	B2.19. Posición do triedro fundamental.		DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	CCEC
	B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.		DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	CMCCT
	B2.21. Determinación de coeficientes de redución.			
	B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.			
	B2.23. Representación de figuras planas.			
	B2.24. Representación simplificada da circunferencia.			
	B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.			
Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos				
b d e g i l	B3.1. Elaboración de bosquexos, esbozos e planos.	B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.	DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.	CSC
	B3.2. Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.		DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	CMCCT
	B3.3. Proxecto: tipos e elementos.		DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación	CCEC
	B3.4. Planificación de proxectos.			
	B3.5. Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.			

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B3.6. Elaboración das primeiras ideas.</p> <p>B3.7. Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.</p> <p>B3.8. Presentación de proxectos.</p> <p>B3.9. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.</p> <p>B3.10. Debuxo de bosquejos a man alzada e esquemas.</p> <p>B3.11. Elaboración de debuxos cotados.</p> <p>B3.12. Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.</p>		<p>técnica con outras persoas.</p> <p>DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispendo as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquejos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.</p>	CCEC
b d e g i l	<p>B3.13. Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.</p> <p>B3.14. Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.</p> <p>B3.15. Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.</p> <p>B3.16. Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.</p> <p>B3.17. Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.</p>	<p>B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquejos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.</p>	<p>DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.</p>	CD
			<p>DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.</p>	CD
			<p>DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos</p>	CD

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.	
			DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.	CD

5. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS

Os bloques de contidos do Debuxo Técnico II (*o qué ensinar*) son os reflectidos no real decreto 1105/2014 (currículo do Bacharelato) e as unidades temáticas as propostas no libro de Dibujo Técnico II da editorial Donostiarra, serán:

BLOQUE TEMÁTICO I: XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO

TEMA 1 : TRAZADOS NO PLANO: Trazados fundamentais no plano. Arco capaz. Ángulos relacioados coa circunferencia. Cuadrilátero inscriptible. Teoremas do cateto e da altura.

TEMA 2 : POTENCIA: Eixo radical e centro radical. Sección áurea. Rectángulo áureo.

TEMA 3 : INVERSIÓN

TEMA 4 : TANXENCIAS: Tanxencias como aplicación dos conceptos de potencia e inversión.

TEMA 5 : CURVAS CÓNICAS: A elipse. A hipérbola e a parábola. Definición e trazado. Tanxencias e puntos de intersección cunha recta. Outros problemas de cónicas.

TEMA 6 : CURVAS TÉCNICAS: Curvas cíclicas. Cicloide. Epicicloide. Hipocicloide. Pericicloide. Evolvente da circunferencia.

TEMA 7 : TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS: Homoloxía e afinidade.

BLOQUE TEMÁTICO II: SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN.

TEMA 8 : SISTEMA DIÉDRICO I: Abatimientos, cambios de plano, xiros e ángulos. Verdadeiras magnitudes superficiais e angulares.

TEMA 9 : SISTEMA DIÉDRICO II: Representación de poliedros regulares. Representación de superficies poliédricas e de revolución. Seccións planas. Intersección cunha recta. Desenrolos e transformadas.

TEMA 10 : SISTEMA AXONOMÉTRICO ORTOGONAL: Escala isométrica. Perspectiva isométrica da circunferencia. Representación de corpos poliédricos e de revolución. Seccións planas. Intersección cunha recta. Relación do sistema axonométrico co diédrico.

BLOQUE TEMÁTICO III: DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS.

TEMA 11 : O PROCESO DE DESEÑO E FABRICACIÓN: Perspectiva histórica e situación actual. O proxecto.

TEMA 12 : PLANOS TÉCNICOS: Tipos de planos na representación gráfica.

TEMA 13 : NORMALIZACIÓN: Ampliación de acotación.

TEMA 14 : Roscas.

TEMA 15 : ELEMENTOS NORMALIZADOS.

TEMA 16 : PROXECTOS DE MECANISMOS.

TEMA 17 : TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN: Debuxo vectorial en 2D e 3D.

6 TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

A temporalización será , de un modo escueto , a que , a continuación referimos:

- PRIMEIRO TRIMESTRE : BLOQUE I : XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO.
- SEGUNDO TRIMESTRE : BLOQUE II : SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN
- TERCEIRO TRIMESTRE : DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS (puntos B 3 1 a B 3 12)
- PRIMEIRO, SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE : DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS (puntos B 3 13 a B 3 17)

7 METODOLOXÍA

En canto á metodoloxía , o Departamento seleccionou o libro para segundo de bacharelato da Ed. Donostiarra pois pensamos que se adapta ao noso estilo de ensinanza-aprendizaxe.

A mecánica ordinaria das clases consistirá na explicación teórico-práctica dos contidos por parte do profesor. Para o desenvolvemento dos contidos procurarase partir dos previos que o alumno posúa, realizando un repaso a modo de introducción para cada tema. Buscarase a interrelación de todos os temas entre sí, e que o alumno comprenda a utilidade de cada un deles para as distintas disciplinas relacionadas co Debuxo Técnico.

Periódicamente o alumno deberá realizar en láminas de debuxo unha serie de exercicios prácticos referentes á materia explicada na clase.

Como recursos materiais para impartir a didáctica da área, utilizaranse principalmente a pizarra e o canón de video para a proxección de diapositivas en Powerpoint.

METODOLOXÍA NOS CASOS DE EN SINANZA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

No caso da **ensinanza presencial** a metodoloxía non variará con respecto á descrita anteriormente. No caso de **ensinanza non presencial** as explicación dos contidos faranse por medios telemáticos corporativos , tomando como base o libro de texto. O alumnado poderá resolver as dúbidas a través de medios telemáticos, preferentemente os corporativos. O profesor proporá a través, preferentemente, da aula virtual do centro as prácticas para que o alumnado as resolva. As prácticas serán entregadas, polos mesmos medios, para a súa corrección e valoración.

Os exames realizaranse de forma presencial. De non poderse facer de forma presencial empregaranse, preferentemente, os medios telemáticos corporativos.

8 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS DE EN SINANZA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

a) Procedimentos e criterios de avaliación

Para a valoración do nivel que acaden os alumnos respecto ós obxectivos xerais previstos para o curso, e con un carácter eminentemente formativo seguiranse os seguintes procedimentos:

- Avaliación inicial. Preténdese detectar o nivel de coñecementos previos adquiridos polos alumnos, así como os seus intereses e expectativas. Con elo preténdese axustar e planificar a programación á realidade da aula e que os alumnos adquiran unha aprendizaxe significativa.

- Seguimento da evolución persoal de cada alumno. O que se pretende é poder detectar as posibles dificultades de aprendizaxe no momento en que aparezan, buscando, en cada caso, a mellor maneira de solventalas. Neste sentido, terase en conta non só o nivel de coñecementos que acada cada alumno, sinon a súa actitude e grao de interese.

- Corrección dos diferentes exercicios e proxectos propostos. O Debuxo Técnico ten unha importante compoñente procedimental. Estes exercicios, coas correccións oportunas, son imprescindibles para que o alumno sexa consciente do seu grao de asimilación de contidos. A realización e entrega destes exercicios será en consecuencia obrigatoria e imprescindible para a consecución do aprobado.

Realización dun ou varios exames por trimestre. Prográmanse facer catro ou cinco exámes ó longo do curso do seguinte modo :

- 1. XEOMETRÍA PLANA
- 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN: SISTEMA DIÉDRICO I.
- 3. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN: SISTEMA DIÉDRICO II.
- 4. NORMALIZACIÓN : VISTAS E ACOTACIÓN.
- 5. DEBUXO ASISTIDO POR ORDENADOR (BRICSCAD).

Os exames de sistema diédrico (2 e 3) poderánse concentrar nun so exame.

O 5ª exáme (EXAME DE D.A.O) valorarase como APTO ou NON APTO , para acadar o aprobado na asignatura o alumnado deberá obter o APTO nesta exáme.

As notas do 1º , 2º, 3º e 4º exáme suporán un 50% da nota de avaliación ou final .

O alumnado que suspenda algún exame poderá realizar un de recuperación.

Aqueles alumnos que suspendan unha ou varias avaliacións teñen dereito a facer un exame final.

NOTA 1º, 2º, 3º e 4º exame -----80%

PRÁCTICAS -----20%

_ As prácticas serán valoradas con unha nota do 0 ao 10. Tamén se valorará a calidade do traballo e a limpeza (tomando un valor de ata 2 puntos) , ademáis do resultado positivo do exercicio. Os alumnos que nunha práctica obteñan unha valoración negativa (do 0 ao 4) poderán repetir dita práctica.

_ O 50% da nota correspondente ás prácticas valorarase respecto do total das prácticas feitas en cada avaliación ou no total do curso según corresponda.

Os alumnos que con este procedemento non acaden o aprobado terán a opción de realizar un exame final en Xuño .

b) Contidos mínimos:

En bacharelato consideramos que os contidos mínimos son os mesmos contidos expresados no punto 4.

9 APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR COMO CONSECUENCIA DA EXCEPCIONALIDADE DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020.

Despois de facer unha análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, e tendo en conta as directrices marcadas polas circulares informativas e orientacións xerais do grupo de traballo de Debuxo Técnico II, con respecto as probas das ABAU, pódese considerar

que os alumnos matriculados teñen adquiridas as aprendizaxes imprescindibles para poder cursar a materia de Debuxo Técnico II.

Xa que temos dous alumnos que elexiron esta materia e que non teñen cursada a materia de Debuxo Técnico I, aos que se lles fixo unha proba de mínimos, que superaron, neste mes de setembro, contéplase, como reforzo, facer un repaso dos contidos de sistema diédrico do nivel de 1º de bacharelato, antes de explicar os propios do nivel de 2º de bacharelato, no segundo trimestre do presente curso.

No final do terceiro trimestre, si se dispón de tempo, e afianzados os contidos de sistema diédrico, contéplase introducir os sistemas de planos acotados e cónico.

En todo caso tomarase como referencia a preparación dos alumnos para a superación da proba das ABAU.

ANEXO II: PLAN TIC.

Xa que na aula de Plástica non dispoñemos de equipos informáticos, na medida en que o permita o horario das aulas de informática ou de debuxo técnico, os alumnos da ESO visitarán páxinas de internet (<http://www.educacionplastica.net/>, <http://contenidos.cnice.mec.es/plastica> e outras) para completar a súa formación. Os temas relacionados coas novas tecnoloxías serán impartidos, na medida das posibilidades, nas aulas antes mencionadas.

Os alumnos de bacharelato utilizarán os programas informáticos postos a disposición polo Centro para a realización de exercicios de debuxo técnico. O finalizar o 1º curso de bacharelato os alumnos deberán de dominar o debuxo en 2D utilizando ferramentas informáticas.